

Esptar e deitarse máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeados e sandías, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmáns/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídete un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelles a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,



Coma sempre...



un bo

libro

e unhas lectoras
vacacións.

<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356>

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



E. Gorey

1ºLECTOR@S

PENSANDO
NESTE VERÁN
DE 2015...

...que tod@s pensades
disfrutar ...



© Beth Wilson 2013

... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

• **O raposo Rufo en Valentín Cazadragóns-**
D.Viéitez-
Embora: Aventuras deste raposo e as súas amizades. Para divertirse e aprender.



• **O raposo Rufo en o mapa do tesouro.**

• **O raposo Rufo en o ataque dos escarabellos das patacas.**



Leandro Lamas. Disfruta de todo o ritmo das verbas.



• **A filla do Grúfalo-J. Donaldson-**
Patas de peixe: O Grúfalo está triste, a súa filla escapou, non quere durmir polas noites e é algo pillabana de mais. Poderá atopala?



• **A avoa adormecida -R. Parmeggiani-**
Kalandraka: Cando a avoa cae enferma e xa non pode xogar con el, nin lerlle contos, cando esquece, o neno faille compañía e vai lembrando os bos momentos con ela.



• **Antoni Gaudí-D. Adillon-Kalandraka:** Inspirouse na natureza para a súa obra arquitectónica. Barcelona non sería a mesma sen Gaudí.



• **A cidade dos gatos-C.García-Lata de Sal:** Istambul é a cidade dos gatos, onde viven Lila e Omar. Cando Omar desaparece, tod@s @s gat@s da cidade axudarán a Lila a buscalo e a ti, a coñecer a cidade.

• **Eu curareite, dixo oso pequeno-Janosch-Kalandraka:** Pequeno tigre atópase moi mal, será pequeno oso, coa axuda doutros animais, quen se faga cargo de coidalo.



• **A gramola gominola-VVAA-Galaxia:** Dez temas para non parar de cantar e bailar; jazz, blues, reagge.